

2018/19

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA  
3º NIVEL ED. PRIMARIA  
CEIP A MAÍA

## ÍNDICE

1-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	4
METODOLOXÍA XERAL.....	5
AVALIACIÓN .....	6
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	6
2- OBXECTIVOS DE ETAPA .....	7
3 - ÁREA DE LINGUA GALEGA PARA O TERCEIRO NIVEL. ....	8
3.1    OBXECTIVOS DA ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA 3º EP .....	8
3.2--  CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS .....	9
3.3  ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS .....	13
3.4  METODOLÓXIA A UTILIZAR NA ÁREA.....	16
3.5  CRITERIOS DE AVALIACIÓN .....	20
3.6  MÍNIMOS ESIXIBLES .....	23
3.7  RECURSOS DIDÁCTICOS.....	24
4- ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS PARA O TERCEIRO NIVEL.....	25
4.1  OBXECTIVOS DA ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS 3.º EP .....	25
4.2  CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS.....	26
4.3  - ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS.....	30
4.4  CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS .....	32
4.5-CRITERIOS DE AVALIACIÓN .....	32
5-AREA DE CIENCIAS SOCIAIS.....	34
5.1  OBXECTIVOS DA ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS.....	34
5.2  CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS.....	35
5.3-ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS.....	41
5.4  CRITERIO METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS .....	43
5.5- CRITERIOS DE AVALIACIÓN .....	43
6.-AREA DE MATEMÁTICAS.....	46

6.1-OBJETIVOS DEL AREA .....	46
6.2 CONTRIBUCIÓN DEL ÁREA AL DESARROLLO DE LAS COMPETENCIAS BÁSICAS.....	47
6.3 CRITERIOS DE EVALUACIÓN .....	48
7- ÁREA DE CIENCIAS NATURAIS .....	49
7.1 OBXECTIVOS.....	49
7.2 - CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	50
7.3 –METODOLOXÍA.....	50
7.4- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	50
8- RECURSOS PARA A AVALIACIÓN DAS UNIDADES.....	129
9- TEMPORALIZACIÓN.....	130
10-DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.....	130
11- ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E OS REFORZOS PARA LOGRAR A DITA RECUPERACIÓN. ....	133
13- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	137
14- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR .....	138

# 1-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Esta programación vai dirixida aos alumnos e alumnas do 3º nivel do CEIP A Maía de Bertamiráns.

As características do alumnado de 3º a nivel **cognitivo, motor e afectivo**, según Piaget son as seguintes:

## A nivel cognitivo

No 3º nivel apreciase una estabilidade do crecemento cerebral; Os alumnos/as comezan a aplicar o razoamento lóxico. A capacidade de atención é maior, aparecendo as nocións da conservación da materia, do peso e do volumen. Nesta etapa consolídase a representación mental do corpo. Cabe sinalar a grande curiosidade dos rapaces/zas desta idade.

## Aspectos motores

O ritmo de desenvolvemento estabilízase e os cambios estruturais son menores. O crecemento en altura é rápido, morfoloxicamente están moi proporcionados. Hai una mellora no sensorial e neurolóxico e a coordinación óculo-manual crece mellorando a coordinación motora.

## Ámbito afectivo

É unha época na que o afán de aventuras, o atrevemento, o entusiasmo, a diversión e a reflexión predominan e fainos moi sensibles a capacidade de aprender.

Como dixemos ao principio esta programación vai dirixida ao alumnado de 3º que neste caso está dividido en tres grupos:

3º A- 24 alumnos/as

3º B- 23 alumnos/as

3º C- 25 alumnos/as

Entre estes alumnos cabe destacar os seguintes datos:

Reciben apoio de AL: 1 (media sesión), 1 ( 2 sesións)

Reciben apoio de PT: 1 ( unha sesión)

Repiten: 0

Alumnado de Valores Sociais e Cívicos: 38

Alumnado de Relixión: 34

As titoras deste grupo son:

3ºA- M<sup>a</sup> Inmaculada Rodríguez Maceira

3ºB- Ana Herránz González Botas ( coordinadora de nivel)

3ºC- M<sup>a</sup> José ramos Sánchez

## METODOLOXÍA XERAL

Os métodos pedagóxicos serán adaptados ás características do alumnos/as, favorecerán a capacidade de aprender autónomamente e en equipo, promovendo a creatividade e o dinamismo, integrando recursos de tecnoloxías da información e comunicación na aprendizaxe.

Practicaremos os seguintes” principios metodolóxicos”:

-Comezar por ensinar **no nivel do alumnado**.

-Ensino adaptado aos **diferentes ritmos de aprendizaxe**.

-**Aprendizaxe significativa**, mediante a relación das actividades coa vida real partindo das experiencias que posúe .Realizaranse actividades que lles permitan relacionar o aprendido coas novas aprendizaxes.

-**Estratexias de motivación** mediante a observación dos intereses dos alumnos e os factores positivos para o seu progreso.

-Organización do traballo **individual e en grupo**.

-**Deseño de actividades motivadoras**.

-**Emprego da biblioteca** para fomentar o gusto pola lectura.

-Estratexias de **comprensión e expresión oral** así como **de comprensión escrita** para acadar una completa competencia comunicativa.

-**O rol do profesor e do alumno** cambian.O do profesor/a non será soamente o de facilitar información senón que participará e axudará nas actividades.

O alumnado será parte activa na súa propia aprendizaxe,expresando opinión, gustos e sentimentos. Haberá máis autonomía e menos dependencia dos profesores/as.

## **AVALIACIÓN**

A avaliación será continua e abranguerá todos os elementos do proceso de ensino-aprendizaxe. Terá como finalidade básica a detección de dificultades, a fin de darlles resposta e reaxustar a programación se fose necesario.

### **PORCENTAXES:**

As cualificacións do alumnado de 3º calcularanse en función das seguintes porcentaxes:

- Exames : 50%
- Traballos na aula : 25% - Traballos de casa: 10%
- Actitude/comportamento : 15%

## **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Despois de valorar os resultados da avaliación inicial leváronse a cabo as seguintes actuacións dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxes do alumnado:

-Apoios na aula polas mestras deste nivel e polas especialistas de música e educación física. Cada titora ten contemplado no seu horario horas semanais de apoio para reforzar a lecto-escritura e o razoamento matemático( ver PXA)

-Apoios polos especialistas de PT, AL.

## 2- OBXECTIVOS DE ETAPA

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua castelá e, se a houber, a lingua cooficial da comunidade autónoma, e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas, e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, das ciencias sociais, da xeografía, da historia e da cultura.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- l) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- m) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- n) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar xeitos de comportamento que favorezan o seu coidado.

- ñ) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- o) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- p) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas.

## **3 - ÁREA DE LINGUA GALEGA PARA O TERCEIRO NIVEL.**

### **3.1 OBXECTIVOS DA ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA 3º EP**

1. Comprender discursos orais e escritos máis extensos e complexos que no ciclo anterior, ampliando os temas de interese, mantendo a atención e unha actitude crítica.
2. Diferenciar as ideas esenciais das accesorias.
3. Analizar os aspectos sinxelos do texto (estrutura do discurso, vocabulario, intención, etc.).
4. escoitar, reproducir e representar expresións da linguaxe oral tradicional (adiviñas, cancións, contos, trabalinguas, etc.).
5. Expresarse oralmente e por escrito axeitadamente en situacións formais e informais, ampliando os contextos e interlocutores coñecidos e descoñecidos.
6. Representar e recitar textos orais coa articulación, a entoación e o ritmo axeitados, de forma comprensiva e expresiva.
7. Utilizar correctamente as estruturas lingüísticas básicas.
8. escoitar e relatar experiencias presentes e pasadas, respectando os aspectos normativos da lingua.
9. Expresar con claridade, ordenadamente e mediante os mecanismos de cohesión necesarios: vivencias, ideas, observacións, sentimentos, etc.
10. Elixir as formas de comprensión e expresión axeitadas á situación e á intención comunicativa.



11. Valorar e aceptar as achegas propias e as dos demais, respectando as normas do intercambio comunicativo.
12. Producir textos escritos propios da vida social da aula, como consolidación do sistema lecto-escritor para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades (normas, fichas, postais, anuncios, carteis...), de acordo coas características propias destes textos.
13. Comprender textos do ámbito escolar, producidos con finalidade didáctica ou de uso social (descricións, instrucións e explicacións), para aprender e para informarse, comparando, clasificando, identificando e interpretando os coñecementos e as informacións para ampliar as aprendizaxes.
14. Utilizar, de xeito dirixido, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación e os diferentes tipos de bibliotecas (de aula e de centro), mostrando respecto polas súas normas de funcionamento, coa finalidade de obter información e modelos para a composición escrita.
15. Producir textos escritos propios da vida social da aula, como consolidación do sistema lecto-escritor para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades (normas, fichas, postais, anuncios, carteis...) de acordo coas características propias destes textos.
16. Utilizar os coñecementos de lecto-escritura para a comprensión de textos e o intercambio de experiencias e sentimentos.
17. Comprender textos literarios de xéneros diversos axeitados en canto a temática e complexidade e iniciarse nos coñecementos das convencións específicas da linguaxe literaria.
18. Coñecer os diferentes usos sociais, analizando o seu emprego como vehículo de valores e prexuízos clasistas, racistas, sexistas, etc., co fin de introducir as autocorreccións pertinentes.
19. Utilizar a lingua para destacar os valores das diferentes culturas do ámbito.
20. Valorar a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.
21. escoitar, reproducir e representar expresións da linguaxe oral tradicional (adiviñas, cancións, contos, trabalinguas, etc.) e valorar estas expresións como un feito cultural enriquecedor.
22. Utilizar a lingua oral e escrita como instrumento de aprendizaxe e planificación de actividades cada vez máis complexas, utilizando diferentes recursos.

### **3.2-- CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS**

Na área de Lingua Galega e Literatura incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

### ***Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía***

O desenvolvemento desta competencia nesta área curricular permítenos utilizar, interpretar e expresar con claridade situacións cotiás contendo elementos matemáticos. Así mesmo, ofrece a posibilidade real de utilizar a actividade matemática en contextos variados para poder desenvolver así a utilización da linguaxe como instrumento para poder comunicarse e expresarse a diferentes niveis.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.
- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Xerar criterios persoais acerca da visión social sobre a estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

### ***Comunicación lingüística***

Debido ao carácter da área, trataremos de que adquiran as destrezas comunicativas no uso da lingua. Será unha prioridade dotar o alumnado de estratexias que favorezan unha correcta aprendizaxe e que lle aseguren un manexo efectivo nas situacións cotiás e en diferentes contextos nos que se encontre.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Gozar coa lectura.
- Expressar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.

- Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.
- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

### ***Competencia dixital***

Dende esta área faise necesario o manexo de ferramentas dixitais para a adquisición de información transformándoa en coñecemento.

Na área de Lingua Galega e Literatura adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

### ***Conciencia e expresións culturais***

Esta competencia nos pode dar unha visión diferente dende a perspectiva das diferentes manifestacións culturais e a forma de expresión artística.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións dende códigos artísticos.

- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

### ***Competencias sociais e cívicas***

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse dende o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

### ***Sentido de iniciativa e espírito emprendedor***

Será necesario iniciar o alumnado en adestrar diferentes habilidades de emprendemento como unha forma de consolidar as diferentes ferramentas para comunicarse.

Neste caso, os descritores que cómpre adestrar son:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
- Encontrar posibilidades no ámbito que outros non ven.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou proxectos.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

### ***Aprender a aprender***

Nesta área vese a necesidade de traballar de forma explícita a confianza nun mesmo para poder traballar cos outros e o gusto por aprender.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia son:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

## **3.3 ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS**

Bloque 1: Comunicación oral: falar e escoitar.

- Comprensión e valoración de textos orais sinxelos procedentes da radio, da televisión ou da internet, con especial incidencia na noticia, para obter información xeral, específica e relevante, sobre feitos e acontecementos que resulten significativos e elaboración dun breve resumo.
- Uso de documentos impresos, dixitais e audiovisuais para obter información relevante para realizar tarefas de aprendizaxe.
- Comprensión e produción de textos orais sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase).
- Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas, respectando as opcións e opinións de quen fala e sen interrupcións inadecuadas.
- Participación e cooperación nas situacións comunicativas (expresións espontáneas, informacións, conversas reguladores da convivencia, discusións ou instrucións), con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (petición e quendas de palabra, mantemento do tema, respecto ás opinións e opcións lingüísticas das demais persoas, posturas e xestos adecuados).

- Uso de estratexias elementais para comprender e facer comprender as mensaxes orais: entoación, ritmo e xestualidade.
- Produción de textos orais sinxelos propios dos medios de comunicación social coa axuda de modelos sinxelos e en situacións de simulación.
- Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.
- Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.
- Uso, de forma xeral, dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Comparación de textos orais sinxelos producidos en diferentes variedades dialectais da lingua galega.
- Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.

## Bloque 2: Comunicación escrita: ler.

- Comprensión da información relevante en textos das situacións cotiás de relación social (normas, regras de xogo, etc.).
- Comprensión de información xeral en textos sinxelos procedentes dos medios de comunicación social (incluídas webs infantís), con especial incidencia na noticia, localizando informacións destacadas en titulares e subtítulos.
- Comprensión de información relevante en textos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (descricións, instrucións e explicacións).
- Integración de coñecementos e de informacións procedentes de diferentes soportes para aprender e contrastar información, identificando e interpretando os datos que se transmiten mediante sinxelos gráficos e ilustracións.
- Subliñado e resumo da información relevante dun texto sinxelo adecuado ao seu nivel.
- Iniciación ás estratexias de control do proceso lector (anticipación, formulación de hipóteses, relectura...).
- Uso dirixido das tecnoloxías da información e das bibliotecas para obter información e modelos para a lectura.
- Lectura persoal, silenciosa e en voz alta, de textos sinxelos en galego adaptados á idade e aos intereses das alumnas e dos alumnos.
- Uso da biblioteca respectando as súas normas de funcionamento e valorándoa como fonte de información e de ocio e participación en actividades literarias.
- Valoración das normas de funcionamento da biblioteca como recurso para acceder facilmente a información moi variada e manter un ambiente agradable de traballo e lecer.
- Mantemento adecuado da súa biblioteca persoal.

- Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación e de lecer.
- Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.

### Bloque 3: Comunicación escrita: escribir.

- Uso das estratexias de planificación, de textualización e revisión como partes do proceso escritor.
- Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (diálogos, plans, instrucións...), de acordo coas características propias de cada tipoloxía.
- Composición de textos de información sinxelos, característicos dos medios de comunicación social, sobre acontecementos significativos, con especial incidencia na noticia, en situacións reais ou simuladas.
- Producción de textos relacionados co ámbito académico para comunicar información (resumos, descrições, explicacións...).
- Creación de textos sinxelos con intención informativa utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómics.
- Uso guiado de programas informáticos de procesamento de textos.
- Utilización de elementos gráficos e paratextuais sinxelos, para facilitar a comprensión (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía).
- Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.
- Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención, de reelaboración da información e dos coñecementos e de expresión creativa.

### Bloque 4: Coñecemento da lingua.

- Uso e identificación intuitiva de terminoloxía moi elemental nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados, oración, palabra e sílaba, xénero e número, determinantes e formas verbais.
- Uso das normas ortográficas básicas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas nos escritos.
- Transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición, para xulgar sobre a gramaticalidade dos resultados.
- Comparación de estruturas sintácticas elementais para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións do significado.
- Inserción e coordinación de oracións como instrumento na mellora da composición escrita.

- Exploración das posibilidades do uso de diversos enlaces entre oracións, en relación coa composición de textos.
- Uso do dicionario, en papel ou electrónico, de xeito guiado.
- Identificación de palabras compostas e derivadas, de sinónimos de antónimos e palabras polisémicas básicas, en relación coa comprensión e coa produción de textos.
- Valoración da lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.
- Comparación entre aspectos das linguas que coñece ou está a aprender para mellorar os procesos comunicativos en lingua galega, recoñecer as posibles interferencias e lograr unha competencia comunicativa integrada.

#### Bloque 5: Educación literaria.

- escoita, memorización e reprodución de textos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos) e da literatura galega en xeral.
- Valoración e aprecio do texto literario galego (oral ou non) como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.
- Lectura persoal, silenciosa e en voz alta de obras en galego adecuadas á idade e aos intereses do alumnado.
- Lectura guiada e expresiva de textos narrativos da literatura infantil en diversos soportes.
- Lectura guiada de poemas, de relatos e de obras, recoñecendo as características dalgúns modelos.
- Recreación e composición de poemas e relatos para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos.
- Dramatización e lectura dramatizada de situacións de textos literarios.
- Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), especialmente aquela en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.
- Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas.
- Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais.

### 3.4 METODOLÓXIA A UTILIZAR NA ÁREA

En concreto, na área de Lingua Galega e Literatura:



Debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo. Estas fortalezas axudarannos a que todo o alumnado chegue a comprender aqueles contidos que necesita adquirir para alcanzar os obxectivos de aprendizaxe que pretendemos.

Nesta área os alumnos iníciase no desenvolvemento das habilidades da linguaxe, por iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o **traballo en grupo colaborador** como unha forma de adestrar a capacidade empática de poñerse no lugar doutras persoas e saber expresar en función do contexto e a intención comunicativa o que pode suceder en situacións reais e cotiás.

Os contidos da área de Lingua Galega están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a **contexto real**. Será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e se poida aplicar a proxectos reais próximos ao alumnado.

### **Comunicación oral: falar e escoitar.**

Obsérvase que o alumnado de 3º nivel ten dificultades para escoitar e pedir un turno de palabra. Por tanto durante o primeiro trimestre traballarase hábitos: solicitar información, falar sobre un tema e que non se interrumpa...

Posteriormente, realizaranse exercicios máis específicos como toma de notas, localizar información, comprender consignas... E realizaranse lecturas dramatizadas, exposicións, recitados...., ante os compañeiros.

En calquera caso, todos os exercicios se realizarán previamente de forma oral antes de pasar á escritura.

### **Comunicación escrita: Ler**

A lectura traballarase da seguinte maneira:

#### *a) Antes da lectura:*

- Proponer hipóteses de lectura, deducións antes de pasar aos textos (análise das ilustracións, deseño editorial...).

- Lectura expresiva pola profesora, a veces con erros para favorecer a atención do alumno, ou ben escoita dun CD.

#### *b) Durante a lectura:*

- Lectura individual e silenciosa previa a calquera actividade de lectura expresiva.
- Tratamento do vocabulario.
- Cuestionario de preguntas relativas ao contido dos textos, para comprobar o seu grao de seguimento.
- Análise dos textos (personaxes, marco, estrutura, tempo histórico da narración...).

*c) Despois da lectura:*

- Busca da idea principal, elaboración de resumos, formulación e resposta de preguntas (preguntas de resposta literal; preguntas para deducir; preguntas de elaboración persoal...)

**Comunicación escrita: escribir**

- Producción escrita de textos para completar, engadir finais, reescritura segundo diversos criterios.
- Producción de textos escritos en distintos formatos e respectando a tipoloxía de cada xénero. Potenciar a divulgación destes textos (murais, foros, revista escolar, libros viaxeiros...)
- Actividades que desenvolvan a creatividade e o pensamento diverxente, que formen lectores críticos e que desenvolvan a afectividade.

Partindo das estratexias de lectura, comprenderán a estrutura de diferentes tipos de textos, polo que posteriormente se pasará á expresión escrita. É dicir, sempre se partirá dun modelo e se buscará que o que haxa que escribir teña un significado para o alumno. En primeiro lugar, realizarán un borrador que posteriormente será pasado a limpo. Con iso preténdese fixar estruturas gramaticais e ortografía. Potenciarase sempre a revisión dos traballos antes de entregalos, así coma o uso do dicionario. Deste xeito, realizaranse textos:

- *Narrativos*: contos, noticias, cartas, felicitacións...
- *Descritivos*: definicións, folletos, explicacións...
- *Creativos*: poemas, rimas, ditos, refráns, adiviñas, trabalinguas e cómics...
- *Expositivos*: traballos sobre un tema, esquemas, apuntes, fichas, biografías...
- *Instrutivos*: consignas, instrucións, receitas, mensaxes...

## Coñecemento da lingua.

Polo que se refire ao tratamento do **vocabulario**, partindo do campo semántico das lecturas, programaranse actividades nas que se utilice sistematicamente o léxico traballado: exercicios de sinónimos, de antónimos, familias de palabras, completar oracións... Un dos exercicios que se realizará a partir das lecturas serán os resumos. Procurarase que utilicen nestas producións o vocabulario traballado.

Por outra parte, realizaranse os exercicios sistemáticos que aparecen no libro de texto. Pero, en calquera caso, fomentarase o uso do dicionario e acostumarase a deducir o significado polo contexto no que aparece unha palabra.

En canto á **ortografía**, a copia de enunciados sen cometer ningunha falta será un obxectivo primordial. Se hai erros, subliñarase a palabra mal escrita en cuestión e eles mesmos buscarán o fallo.

Debido ao abstracto da ortografía e a motivación que para o alumnado supón o uso de ordenadores, realizaranse exercicios de ortografía ben co encerado dixital ( no caso de poder conseguilos, xa que as aulas deste ciclo no dispoñen deste material) ou ben con ordenador da aula de informática.

Estudarase unha determinada regra e programaranse exercicios sistemáticos de aplicación da norma. Como exercicio final, realizarase o ditado que se corraxirá individual ou colectivamente; poráselle unha nota que se plasmará nunha gráfica para que eles observen a posible evolución. Iso si, antes da realización dos ditados, haberá uns exercicios de preparación que ademais reforzarán conceptos traballados: identificar e escribir palabras segundo a súa categoría gramatical; cambiar o tempo verbal; formar palabras derivadas; escribir sinónimos e antónimos; formar oracións con palabras de especial dificultade pola súa grafía...

Por outra banda, o estudo de conceptos gramaticais debe estar ao servizo do gusto pola oración ben construída. Realizaranse exercicios sistemáticos, pero tamén neste aspecto se fomentará a creatividade mediante a transformación de pequenos textos; así, asemade, contribuirase a fixar estruturas.

Un exercicio posterior será a creación de producións escritas utilizando os conceptos gramaticais adquiridos.

## Educación literaria

Debe estar baseada na importancia da lectura de obras literarias como fonte de información e aprezo pola nosa literatura.

Lévase a cabo mediante a lectura diaria ( 25 minutos ) de libros de distintos xéneros literarios escollidos polo alumnado os días de lectura individual e polo profesorado , os días de lectura colectiva. Ambas dúas lecturas faranse de forma alterna ao longo da semana.

## AGRUPAMENTOS

A nivel de gran grupo realizaranse lecturas, audicións...O contexto será o da clase, aínda que se programarán actividades para ser expostas na aula.

En pequeno grupo realizaranse sinxelos traballos de investigación e actividades TIC, procurando unha heteroxeneidade para que os máis avanzados axuden aos que van por detrás.

O traballo individual será o primordial. Nun principio, as actividades serán comúns, pero programaranse outras para os que necesiten de reforzo ou, no seu caso, unha ampliación dos contidos.

## 3.5 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar.

1. Comprender textos orais sinxelos dos medios de comunicación, extraendo o sentido global e información específica.
2. Utilizar os documentos audiovisuais como instrumento de aprendizaxe.
3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.

4. Manter unha actitude de escoita adecuada, respectando as opinións dos demais.
5. Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.
6. Amosar interese por expresarse en público coherentemente, sen contradicións, sen repeticións innecesarias e usando nexos adecuados.
7. Elaborar textos orais sinxelos propios dos medios de comunicación.
8. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.
9. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.
10. Usar, de forma xeral, unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
11. Comparar textos orais sinxelos producidos en diferentes variedades dialectais da lingua galega.
12. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral.

## Bloque 2. Comunicación escrita: ler.

1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos sinxelos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis).
2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de sinxelos gráficos e ilustracións.
3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo e resumir o seu contido.
4. Utilizar, de maneira xeral, estratexias para mellorar a lectura.
5. Utilizar de xeito guiado as tecnoloxías da información para obter información e modelos para a lectura.
6. Ler, en silencio ou en voz alta, textos sinxelos en galego, adaptados á súa idade e aos seus intereses.
7. Usar as bibliotecas de aula, e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento, e participar en actividades literarias.
8. Ter interese por ter unha biblioteca propia.
9. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación e de lecer.
10. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.

### Bloque 3. Comunicación escrita: escribir.

1. Usar as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.
2. Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.
3. Elaborar textos do ámbito académico para comunicar información.
4. Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.
5. Usar de xeito guiado programas informáticos de procesamento de textos.
6. Utilizar recursos gráficos e paratextuais que faciliten a comprensión dos textos.
7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.

### Bloque 4: Coñecemento da lingua.

1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento na mellora do uso da lingua.
2. Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas básicas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.
3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe elemental nas producións orais e escritas.
4. Recoñecer e empregar conectores básicos.
5. Usar o dicionario en papel ou electrónico, de xeito guiado.
6. Identificar palabras compostas e derivadas, así como sinónimos, antónimos e palabras polisémicas básicas, para comprender e producir textos.
7. Valorar a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.
8. Establecer relacións elementais entre as diversas linguas que coñece ou está a aprender para reflexionar sobre como mellorar os seus procesos comunicativos na lingua galega, recoñecer as posibles interferencias e lograr unha competencia comunicativa integrada.

## Bloque 5: Educación literaria.

1. escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos sinxelos, procedentes da literatura galega en xeral, e da literatura galega popular en particular.
2. Ler textos e obras en galego adaptadas á idade e en diferentes soportes.
3. Identificar o xénero literario ao que pertencen uns textos dados.
4. Recrear e compoñer poemas e relatos a partir de modelos sinxelos.
5. Participar activamente en dramatizacións de situacións e de textos literarios.
6. Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente aquela en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.
7. Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais.

### 3.6 MÍNIMOS ESIXIBLES

- Utiliza a lingua galega en situacións cotiás sinxelas.
- Comprende o sentido global dun texto.
- Distingue os elementos esenciais dun texto literario(protagonista, personaxes...).
- É capaz de distinguir e de resumir a idea principal dun texto.
- Le con fluidez e entonación axeitadas.
- Mantén unha actitude de escoita adecuada, respectando as opinións dos demais.
- Amosa interese por expresarse en público coherentemente, sen contradicións, sen repeticións innecesarias e usando nexos adecuados.
- Usa, de forma xeral, unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo e resume o seu contido.
- Escribe textos sinxelos nos que utiliza oracións con sentido completo.
- Usa de xeito guiado programas informáticos de procesamento de textos.
- Usa o dicionario en papel ou electrónico, de xeito guiado.

- Comprende, busca, localiza e selecciona información explícita en textos sinxelos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis).
- Amosa certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese.
- Identifica palabras compostas e derivadas, así como sinónimos, antónimos e palabras polisémicas básicas, para comprender e producir textos.
- Utiliza regras ortográficas básicas do seu nivel.
- Aplica de forma xeral os signos de puntuación: uso do punto ,signos de interrogación e exclamación e a coma nas enumeracións.
- Recoñece as estruturas básicas (suxeito, predicado, sustantivos, adxectivos e verbos).
- Identifica as formas verbais nos tempos : presente, pasado e futuro.
- Separa sílabas diferenciando a sílaba tónica das átonas e clasifica palabras tendo en conta o seu número de sílabas.
- Identifica o xénero literario ao que pertencen uns textos dados.

### 3.7 RECURSOS DIDÁCTICOS

- O CD-Audio que acompaña o libro do alumno.
- Libro dixital.
- Dicionario de lingua (Dicionario Xerais de Primaria).
- Actividades de ampliación elaboradas polas titoras: ditados, fichas, actividades noutros blogues...
- Murais ortográficos.
- Biblioteca de aula e do colexio.
- Recursos fotocopiados da Proposta didáctica.
- Actividades interactivas do noso blogue.

**Non detallamos a área de Lingua Castelá nos apartados anteriores porque usaremos os mesmos criterios.**



## 4- ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS PARA O TERCEIRO NIVEL

### 4.1 OBXECTIVOS DA ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS 3.º EP

1. Elaborar unha imaxe realista dun mesmo atendendo ás características físicas e á personalidade
2. Realizar tarefas que permitan a autoconciencia emocional, a expresión das emocións e o respecto polas motivacións e intereses persoais.
3. Tomar conciencia dos propios sentimentos negativos para canalizar as emocións, superar os problemas e desenvolver un maior autocontrol.
4. Proceder de forma reflexiva antes de actuar sopesando os pros e os contras das súas accións
5. Xerar situacións que promovan a responsabilidade, a iniciativa persoal e accións creativas que posibiliten a consecución dos obxectivos propostos.
6. Valorar os dereitos dos nenos referidos á axuda e á protección destes explicando condutas que aseguren o cumprimento destes dereitos e resaltando a igualdade de dereitos de nenos e nenas en situacións reais do contexto social.
7. Participar en actos comunicativos diversos que permitan expresar abertamente ideas, sentimentos, intereses e/ou necesidades considerando ás persoas que o rodean sen renunciar aos seus propios dereitos.
8. Coñecer elementos da paralinguaxe, como a dicción, o ton e a actitude corporal, e a súa función dentro da comunicación, e apreciar a relación que hai entre a comunicación verbal e a non verbal durante calquera acto de comunicación.
9. Participar en discusións que permitan explicar e entender ideas e opinións persoais, escoitando de forma activa antes de responder os demais.
10. Realizar dinámicas de *role-playing* nas que se ofrezca a oportunidade de empatizar coas actitudes, os sentimentos e as reaccións dos demais, afrontando diversas respostas emocionais.

11. Valorar e respectar as diferenzas individuais intentando comprender e tolerar diversas maneiras de actuar ante unha mesma situación.
12. Tomar conciencia da importancia das relacións entre os compañeiros, as aprendizaxes que xeran e os vínculos de afecto que se establecen.
13. Participar en actividades mostrando sensibilidade cara aos estados de ánimo e intereses dos demais.
14. Traballar en equipo utilizando o diálogo e estratexias de medición para resolver conflitos, coñecer as persoas e favorecer a interdependencia positiva do grupo.
15. Resolver conflitos que se dan na vida cotiá, expresando as nosas demandas de forma pacífica e asertiva.
16. Identificar e respectar as normas que rexen a convivencia no contexto escolar e local.
17. Entender e apreciar a solidariedade social como medio de axuda e mellora do benestar familiar e escolar.
18. Planificar actividades que promovan o uso adecuado de bens naturais e a conservación do medio.
19. Analizar situacións e normas básicas de mobilidade vial para evidenciar as causas e as consecuencias dos accidentes de tráfico.

## 4.2 CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS

*Na área de Valores Sociais e Cívicos.*

### ***Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía***

O desenvolvemento desta competencia nesta área curricular permítenos utilizar, interpretar e expresar con claridade elementos e razoamentos matemáticos para enfrontarse a aquelas situacións cotiás que os precisan. Así mesmo, esta competencia ofrece a posibilidade de empregar o razoamento lóxico, analizar e axuizar a partir de conflitos, resolución de problemas e xuízos morais, os problemas sociais e históricos.

Os descritores que podemos traballar serán:

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no ámbito natural e das repercusións para a vida futura.
- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

### ***Comunicación lingüística***

Para o bo desenvolvemento desta competencia nesta área, será decisivo o fomento da lectura a través de libros e de fragmentos escollidos para comentar na aula así como de material audiovisual con dúas finalidades:

- ✓ Mellorar a comprensión lectora e mellorar a adquisición de destrezas para a expresión escrita.
- ✓ Adquirir identidade sobre o que significa unha sociedade cívica para favorecer o coñecemento dos valores, os dereitos e os deberes destacados nos dereitos humanos...

Os descritores que podemos utilizar serán:

- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Disfrutar coa lectura.
- Expresar oralmente de xeito ordenado e claro calquera tipo de información.
